



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 17 de xuño de 2019**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día dezasete de xuño de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(522).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(523).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 17/06/19 DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NOMEAMENTO DOS SEUS MEMBROS. EXPTE. 595/1102.**

Dáse conta da referida Resolución de Alcaldía de data 17/06/19, que di o seguinte:

De conformidade co disposto no artigo 126 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local configúrase como o órgano municipal que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas.

Corresponde ao Alcalde nomear e separar libremente aos membros da Xunta de Goberno Local, número que non poderá exceder dun terzo do número legal de membros do Pleno, ademais do Alcalde. A Xunta de Goberno Local responde politicamente ante o Pleno da súa xestión de xeito solidario, sen prexuízo da responsabilidade directa dos seus membros pola súa xestión.

Segundo o exposto e estando integrada a Corporación municipal por vinte e sete membros, constituída o pasado 15 de xuño como consecuencia das eleccións locais realizadas o día 26 de maio de 2019 e convocadas por Real Decreto 209/2019, do 1 de abril, corresponde nomear como máximo nove membros da Xunta de Goberno Local, ademais do Alcalde.

A Secretaría da Xunta de Goberno Local corresponderá, ex artigo 126.4º LRBRL, a un dos seus membros que reúna a condición de concelleiro/a, sendo designado/a a tal efecto polo Alcalde.

Polo exposto de conformidade co establecido nos artigos 43, 52 e 53 e demais concordantes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e preceptos correspondentes da normativa anteriormente citada, no exercicio das facultades que como Alcalde-Presidente da Corporación me corresponden:

## **RESOLVO:**

Primeiro: A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, presidida por esta Alcaldía, estará integrada polos seguintes concelleiros e concelleiras

- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego
- D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez
- D. Carlos López Font
- D. Abel Losada Álvarez
- D. Jaime Aneiros Pereira
- D<sup>a</sup> Yolanda Aguilar Castro
- D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

Segundo.- Nomear **secretaria da Xunta de Goberno Local a D<sup>a</sup> Yolanda Aguilar Castro**, suplente primeiro ao concelleiro membro da mesma D. Abel Losada Álvarez, e suplente segunda á concelleira e membro da mesma, D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño, a quen lle corresponderán as funcións establecidas no artigo 126.4 LRBRL, co apoio da Secretaría de Goberno Local, como titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, previa convocatoria desta Alcaldía, realizará **sesión ordinaria**, con periodicidade semanal, todos os **xoves non festivos ás 9.00 horas da mañá**.

Sen prexuízo de dita periodicidade, o Alcalde poderá modificar o día e a hora de realización das sesións, así como suspendelas, en Semana Santa, Nadal ou pola coincidencia con



## Concello de Vigo

outros períodos festivos, así como pospoñer ou avanzar a súa realización dentro da mesma semana ou a inmediatamente posterior, cando o día de realización sexa inhábil ou concorran circunstancias especiais.

Cuarto.- Fixar a data de constitución da Xunta de Goberno Local para o día 17 de xuño de 2019 ás 13:00 horas, en primeira convocatoria, ou unha hora despois, de non existir quórum.

Quinto.- Deixar sen efecto cantas resolucións da Alcaldía relativas á Xunta de Goberno Local se opoñan á presente resolución e en particular a Resolución da Alcaldía de data 15 de xuño de 2015 pola que se nomean os membros da Xunta de Goberno Local e se delegan atribucións neste órgano.

Sexto.- De conformidade co sinalado no artigo 177 do RD 2568/1986, para que os expedientes concluídos se poidan incluír na orde do día dunha sesión, haberán de axustarse ao disposto na Circular 1/2015 da Secretaría da Xunta de Goberno Local, e estar en poder da Secretaría do Goberno Local, tres días antes do sinalado para realizala, é dicir, ás 12:00 horas do luns da semana de realización.

Sétimo.- Os membros da Xunta de Goberno Local estarán suxeitos na súa actuación ás causas de abstención e recusación fixadas pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, causas de incompatibilidade fixadas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións públicas, Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, e demais normativa sectorial nesta materia, debendo respectar, sinaladamente, o disposto en materia de conflito de intereses na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Oitavo.- Comunicar esta Resolución a todos os concelleiros e concelleiras afectados e aos xefes das diferentes áreas e servizos municipais, para o seu coñecemento e efectos, a través da súa inserción na Intranet.

Noveno.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/198 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación a efectos de que quede informado da mesma, de conformidade co establecido no artigo 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local queda informada.

### **3(524).- PROPOSTA DE DETERMINACIÓN DO NÚMERO E RÉXIME DO PERSOAL EVENTUAL NO PERÍODO 2019-2023. EXPTE. 34264/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 17/06/19, asinado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación e conformado polo alcalde, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Único.- Constituída a Corporación Municipal de Vigo para a lexislatura 2019-2023 o pasado días 15/06/2019, e en cumprimento das instrucións proporcionadas pola Excm. Alcaldía, procede a formulación de proposta para a determinación do número e réxime do persoal eventual consonte á normativa vixente.

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- Artigos 104 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local; 176 do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e artigo 250 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

II.- Artigo 12 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que contempla que é persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, sólo realiza funcións expresamente calificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin.

Conforme ao disposto no artigo 127.1 h) LRBRL corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para acordar o número e réxime do persoal eventual, á vista do cal, nos termos da instrución da secretaría do Goberno Local de data 17/06/2019, e previa a conformidade da Excm. Alcaldía, elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro.-** Adscribir á Alcaldía en réxime de dedicación a xornada completa e coa condición de persoal eventual, os postos reservados a esta clase de persoal que de seguido se indican, segundo as categorías e réxime retributivo seguintes:

- 1 Secretario/a particular, cunha retribución bruta anual de 32.002,18 €,
- 1 Director/a de Comunicación, cunha retribución bruta anual de 44.373,14 €,
- 1 Director/a de Gabinete da Alcaldía, cunha retribución bruta anual de 46.462,08 €.
- 1 Adxunto/a á Dirección de Gabinete, cunha retribución bruta anual de 43.933,54 €.
- 1 Asesor/a de relacións institucionais e protocolo, cunha retribución anual bruta de 39.356,38 €.
- 8 Asesores/as, cunha retribución bruta anual de 32.002,18 € por dotación.
- 7 Auxiliares, cunha retribución bruta anual de 22.868,72 € por dotación.



## Concello de Vigo

**Segundo.-** Acordar que a dedicación plena do devandito persoal implicará, ademais do cumprimento da xornada laboral ordinaria, a incompatibilidade para calquera actividade pública ou privada por conta allea ou propia.

**Terceiro.-** Dispoñer que as retribucións anuais brutas do persoal eventual aboaranse en catorce pagas e revisaranse anualmente na mesma proporción que as do resto do persoal ao servizo do Concello.

**Cuarto.-** Lembrar que a condición de persoal eventual implicará en todo caso a aplicación do réxime que para o mesmo contempla o artigo 12 do TREBEP e normativa de concordante aplicación, podendo ser libremente nomeados e cesados consonte ao establecido no citado precepto, así como á normativa vixente en materia de réxime electoral xeral.

**Quinto.-** Dispoñer que o nomeamento do persoal eventual se realizará por Resolución da Excm. Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias atribuídas polo artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, debendo publicarse a citada resolución no diario oficial que corresponda, xuntamente coas retribucións e réxime de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial.

**Sexto.-** Establecer asimesmo a súa inclusión réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis da LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número de postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

**Sétimo.-** Notificar o presente acordo á Concellería-Delegada da Área competente en materia de persoal, Xefatura da Área de RRHH e Formación, Intervención Xeral Municipal, Dirección do Gabinete da Alcaldía, Grupos políticos municipais, Negociado de Seguridade Social e interesados/as aos efectos oportunos”.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez